

Os vellos oficios (V)

ROSINA MARTINEZ BARRAL *

FOLLALATEIRO

*¿Cantos oficios hai? Tantos que naide
anumeralos todos poderá,
por cada cousa que precisa a xente
de seguido un oficio nacerá.*

*Deixándome levar da fantasía
quixen xuntalos todos e atopei
(remexendo na huchiña dos recordos*

*que teño toda chea a reverter)
tantos, que fun facendo unha ringleira
que hoxe o follalateiro aumentará
pois oficio que fai tantas cousiñas
non podía quedar sen nomear*

*Porque o follalateiro fai canadas
tamén os moldes fai pras empanadas,
medidas para o viño e para o leite,
e aceiteiras moi boas pro aceite.*

*Mais ¡que lástima é! follalateiro
que un candil non puideras alumar
nas negruras das almas sen conciencia
escorrentando as tebras en que están.*

LABRADOR

*Ninguén con tanto amor mira pra terra
como o fai o sufrido labrador
pensando en ela sempre, día e noite
pra recoller o que gaña ó sudor.*

*El sabe da semente o do devalo,
el coñece os secretos de podar,
do sulfato, vendima e máis do monte
a onde estrume e leña vai buscar.*

*De mirar para o ceo non se esquece
pra saber cando chove ou neve cae,
temblando cando a pedra se presenta
e o vento a froita tira polo chan.*

*A sementeira, a sacha, a sega e malla,
as pataquiñas a desenterrar,
a recolleita chega e que sudores
que angurias e traballos a pasar.*

*Cantas e cantas máis cousas el sabe
¡cantas...! que son moi longas de contar
pro pra sair adiante ben comprende
que hai moito que roer e abordar.*

*Mais se ven boa anada e vai chegando
pra que en todo o ano se coma a fartar
todo canto se fixo está ben feito
que é unha gran tristura ter que afamear.*



(*) Rosina Martínez Barral, betanceira, pertence a unha familia de artistas, historiadores e literatos, mantendo ela esta tradición ó traveso da pintura, do debuxo e da poesía.

XORNALEIRA

*Chámanlle xornaleira
porque vai ó xornal
a única maneira que aprendeu
de ir gañando o seu pan.*

*Porque é muller honrada
e sabe que na vida non dan nada,
que todo custa e que algún precio ten,
que llo digan a ela
que non ten confianza xa en ninguén.*

*Que a vida lle foi dura
e o seu traballo pagan con usura,
que vai co raño ou vai coa azada
e se tamén se terciá
colle a fouciña e vai segar a palla
e cando a malla chega
o mesmo da co mallo ou malla á pedra.*

*Sí, é unha xornaleira
e dío con fachenda e moi enteira,
porque ir ó xornal
non lixuga a ninguén
e sempre no seu peto un peso ten;
val máis ir ó xornal
que estar de lacazana sen un real.*




OLEIRO

*E despois de ir en busca do barro
peneiralo e con auga amasalo,
todo a xeito xa para traballar,
agarrando un boliño de masa
o oleiro no banco sentouse a choiar.*

*Co pe dereito da voltas á roda
e coas mans a masiña labora,
unha dentro outra fora, virando
a seu xeito feitura vai dando
ó pucheiro ou á ola acabando.*

*Xa todo cocido e estrado no chan
vai mirando e contando nas pezas
que coa venda cartiños serán
e se non se trabuca nas contas
na casa este ano non faltará pan.*



SERRADOR

Coas ferramentas cara ó monte van as árbores a cortar os serradores primeiro a marca fan os condenados sempre escolleitos entre dos mellores.

Cada un do seu lado agarra a serra, deseguida o traballo empeza xa astra que ó fin cae o coloso á terra sen vida, morto, descansando está.

¿E certo que descansa? ¿quen o sabe? porque poida que sinta como están facendo todos leña do caído, nas polas e nos troncos, con afán.


Imaxe de esta vida que soñamos pensando como a arbre soa en subir e cando preto o cume nos topamos tamén a morte chega a derrubarnos.





*ENTIDADES CULTURAIS
E DEPORTIVAS*

...



Don Francisco Vales Villamarín estudiando as Mariñas, neste caso en Oza dos Ríos. II-1969.